

 URBANISMO- LICENZAS, INSPECCION E DISCIPLINA	CP-009 Comunicación previa de instalacións radioeléctricas	Rexistro numero	Selo rexistro
--	---	------------------------	----------------------

I. Datos da persoa solicitante ou representante:

Nome e apelidos / Razón social:	NIF / DNI / NIE
Nome e apelidos do/a representante	NIF / DNI / NIE
Domicilio: Nº	Localidade e CP
Enderezo de notificación: Nº	Localidade e CP
Teléfono:	
Correo electrónico:	

2. Localización da instalación:

Localización:	Nº	CP
Referencia catastral:		

3. Descrición da actividade
Descrición da instalación:

Superficie total: m² (superficie incluída no valado da estación ou instalación)

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta e que achega a seguinte documentación que acredita :

- Que as características indicadas reflicten fielmente as actividades ou instalacións que se van desenvolver e as obras que se van realizar.
- Que a instalación eléctrica se axusta ao Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Que a instalación cumpre coas medidas de seguridade necesarias segundo o disposto na normativa vixente.
- Que a instalación dará cumprimento íntegro á normativa municipal do Concello de Santiago de Compostela e nomeadamente a Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no concello de Santiago de Compostela.
- Que a edificación principal conta con licenza de primeira ocupación (ou que se identifica o promotor e o ano de construción).
- Que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais que lle resulten necesarias para ou exercicio da actividade.
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que a instalación non se localiza nun elemento catalogado nin en edificio declarado ben de interese cultural.

ASÍ MESMO,

- Que realizará as obras de acordo co proxecto técnico presentado
- Que non porá en servizo a instalación antes da finalización das obras comunicadas e de dispoñer do certificado final de obra, expedido por un técnico competente e da autorización de posta en servizo da Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións, documentos que terá a disposición dos servizos de inspección municipal.
- Que cumprirá os requisitos esixidos pola normativa de aplicación e manterá as medidas correctoras precisas para o correcto desenvolvemento da actividade durante o tempo do seu exercicio.
- Que non se superarán os límites de exposición ás emisións radioeléctricas establecidas no anexo II do Real decreto 1066/2001
- Que ao tratarse dunha actividade continuada se axustará ás esixencias derivadas da nova normativa que vaia entrando en vigor logo da obtención das autorizacións que, se é o caso, resulten necesarias para tal finalidade.

AUTORIZA, para os efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta Administración á comprobación telemática con outras administracións públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade que se vai desenvolver.

E COMUNICA que iniciará as obras a partir do día.....(no caso de non indicar data entenderase a partir do mesmo día da presentación da instancia), cun prazo de execución de

Santiago de Compostela, de de 20....

Sinatura do/a solicitante Nome DNI.....

ADVÉRTESELLE QUE, consonte co disposto no parágrafo 5 do artigo 194 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento en que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Así mesmo, a resolución administrativa que constata as circunstancias ás cales se refire o parágrafo anterior comportará o inicio das correspondentes actuacións e a esixencia de responsabilidades, e poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento durante un período de tempo determinado de entre tres meses a un ano.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBEN PRESENTAR AS PERSOAS SOLICITANTES

1. DOCUMENTACIÓN XERAL

1a.- Datos identificativos da persoa solicitante:

- Persoas físicas:
 - DNI (ou documento que faga as súas veces) do solicitante e do representante.
 - As que comparezan ou asinen en representación doutra, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas:
 - DNI (ou documento que faga as súas veces) do representante e documentación acreditativa da representación.
 - Escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

1b.- Documento acreditativo da dispoñibilidade do solo ou do espazo para a instalación. (contrato de arrendamento ou escritura de compra etc.)

1c.- Xustificación da aprobación do Ministerio de Industria Turismo e Comercio do proxecto da instalación de telecomunicacións que inclúa a totalidade dos sistemas que se van establecer.

1d.- Proxecto técnico da instalación, asinado por un técnico competente, incluíndo planos de situación e deslinde, plantas alzados e seccións da instalación e xustificación do cumprimento das esixencias básicas do Código técnico da edificación.

O proxecto deberá xustificar graficamente que a antena se axusta ás condicións da instalación fixadas na Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas para a instalación e funcionamento de elementos e equipos utilizados na prestación de servizos de radiocomunicación no Concello de Santiago de Compostela.

No caso de torres, o proxecto incluírá un plano de deslinde indicando as construcións existentes nun radio de 100/50 ml.

1e.-Oficio de dirección das obras.

1f.-Reportaxe fotográfica, incluíndo fotografías da totalidade da fachada, nos casos de instalacións sobre cubertas de edificios existentes, así como da zona da instalación.

1g.-Declaración responsable (ou certificado colexial) dun técnico competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

2. Aos documentos anteriores, os solicitantes deberán achegar o documento de autoliquidación da taxa correspondente.

O PROXECTO OBXECTO DESTA SOLICITUDE FOI PRESENTADO A TRAVÉS DA PLATAFORMA DE EDICIÓN DE PROXECTOS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

CÓDIGO Nº.....